

**CALENDARIO ACADÉMICO DO CURSO 2010-2011**  
**Titulacións non adaptadas ao Espazo Europeo de Educación Superior**  
**(En extinción)**

Aprobado polo Consello de Goberno do 28 de abril de 2010

### 1. PERÍODO LECTIVO

O período do curso académico comprenderá desde o 1 de outubro de 2010 ao 30 de setembro de 2011. Non será lectivo o mes de agosto, nin os días festivos, nin os días en que estea interrompida a actividade académica.

### 2. ACTIVIDADES ACADÉMICAS

O período de clases para o curso académico 2010/2011 comprenderá:  
Plans antigos (sen créditos LRU) e plans LRU con estrutura anual:  
do 1 de outubro de 2010 ao 31 de maio de 2011.

Plans LRU con estrutura cuadrimestral:

**Primeiro cuadrimestre:** desde o 1 de outubro de 2010 ao 27 de xaneiro de 2011

**Segundo cuadrimestre:** desde o 23 de febreiro de 2011 ao 7 de xuño de 2011

### 3. EXAMES E ACTAS

#### Exames:

**Convocatoria fin de carreira:** do 1 ao 17 de decembro de 2010

**Convocatoria extraordinaria de decembro:** do 1 ao 17 de decembro de 2010

**Convocatoria materias do primeiro cuadrimestre:** do 31 de xaneiro ao 22 de febreiro de 2011

**Convocatoria materias do segundo cuadrimestre e anuais:** do 8 de xuño ao 30 de xuño de 2011\_

**Convocatoria de setembro:** do 1 ao 16 de setembro de 2011

#### Entrega de actas:

As datas límite para a sinatura e entrega de actas serán as seguintes:

**Actas fin de carreira:** 21 de xaneiro de 2011

**Actas convocatoria extraordinaria decembro:** 21 de xaneiro de 2011

**Actas de materias do primeiro cuadrimestre:** 10 de marzo de 2011

**Actas de materias do segundo cuadrimestre e materias anuais:** 18 de xullo de 2011

**Actas convocatoria de setembro:** 30 de setembro de 2011

As actividades académicas docentes e os exames de todos os plans interromperanse desde o día 23 de decembro de 2010 ata o día 8 de xaneiro de 2011 (ambos os dous incluídos); os días 7 e 8 de marzo de 2011; e desde o día 18 ao 23 de abril de 2011 (ambos os dous incluídos). A festividade de San Tomé celebrarase o 28 de xaneiro de 2011, que será festivo na UDC. Así mesmo, posuirán carácter festivo os días das festas oficiais do Estado, da Comunidade Autónoma e das cidades onde estea cada centro, así como o da festividade de cada un deles.

Coa finalidade de aproveitar ao máximo os días lectivos, sempre que as festividade dos centros coincidan en martes ou en xoves celebraranse o luns ou o venres máis próximo; e se cadrasen en mércores trasladaranse ao venres. As que cadren en sábado, domingo ou festivo celebraranse o día lectivo anterior ou seguinte.

*Os centros con titulacións non adaptadas ao EEES poderán acollerse ao calendario académico de grao e de mestrado, sempre e cando o acorde a Xunta de Centro e llo comunique á Vicerreitoría de Organización Académica e Titulacións, que concederá o permiso, se procede, despois das adaptacións necesarias. Esta adaptación enténdese que lles afecta unicamente ás datas dos exames das materias, polo que en ningún caso pode supor alteracións ou modificacións do correspondente plan de estudos publicado no BOE.*